II EDICIÓN. PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE 2020

Nesta segunda edición participaron un total de **99 proxectos, dos que 75 corresponderon á categoría profesional e 24 á modalidade de asociacións e pacientes**.

Así, na categoría profesional, os dous proxectos que resultaron premiados este ano foron **'TelecardioCHUS'** , e o programa 'ReCO, de rehabilitación cardio oncolóxico'. O primeiro deles, presentado polo equipo formado por **José Ramón González Juanatey, Alejandro Virgós, Pilar Mazón e Rosa Represas**, permitirá adaptar o modelo asistencial baixo a premisa de resolver no nivel asistencial axeitado os actos médicos, para evitar aqueles que non aporten valor nin aos pacientes nin ao sistema.

Pola súa banda, o programa **'ReCO, de rehabilitación cardio-oncolóxico'**, presentado polo equipo composto por **Bibiana Villamayor Blanco, Carlos Peña Gil, Milagros Pedreira Pérez e José Ramón González Juanatey**, incide no uso dos espazos dispoñibles para a Rehabilitación Cardíaca co ánimo de desenvolver programas de rehabilitación en pacientes con cancro. Neste senso preténdese convertelos nunha ferramenta terapéutica que contribúa á mitigación dos seus efectos secundarios.

Pola súa banda, na categoría de asociacións e pacientes, o proxecto galardoado nesta segunda edición foi **"Telemedicina en tempos de COVID, durante e post COVID"**, presentado pola **Asociación Galega de Fibrose Quística**. Esta candidatura busca instalar un sistema de telemedicina con monitorización telemática, recollida de mostras e envío de medicación ás persoas con Fibrose Quística; coa intención de posibilitar a mellora do

CONTIDOS RELACIONADOS

Resolución de concesión dos II premios

NOVAS

Sanidade entrega os II Premios á Innovación en Saúde do Sistema Público de Galicia

Dous proxectos de telemedicina e un de rehabilitación, galardoados nos Premios á Innovación en Saúde

benestar físico e emocional destes pacientes, ao tempo que se garante a calidade asistencial sanitaria e o seu seguimento.

Este proxecto contempla o seguimento habitual das persoas que padezan esta doenza en situacións de urxencia, e o emprego de diversos dispositivos para a súa monitorización telemática. Así mesmo, propón a creación dunha rede conxunta de información a través de TELEA.

Convocatoria e bases reguladoras 2020 ›